

COMUNICADO – 8 Marzo 2025

Celebrando as mulleres que nos inspiran e transforman o mundo

Educar para a igualdade: un camiño cara sociedades máis xustas

[Versión castellano](#)

Madrid, 5 de marzo de 2025: No marco do **Día Internacional das Mulleres**, dende a Fundación InteRed, ONGD comprometida coa defensa dos dereitos humanos e a igualdade de xénero, dende fai máis de 32 anos, rendimos homenaxe ás mulleres diversas e plurales que marcaron a historia cos seus coñecementos, saberes, valentía e dedicación. Dende políticas como **Clara Campoamor**, pioneira do sufraxio feminino en España, ata activistas como **Malala Yousafzai**, defensora incansable do dereito á educación das nenas en todo o mundo, ou **Mamá Tingó**, lideresa campesiña dominicana que loitou polos dereitos á terra da súa comunidade. **Elas, as coñecidas e as anónimas, son a nosa inspiración e referentes que nos recordan que a loita pola igualdade é un legado colectivo.**

Educar en referentes e xenealoxías feministas é fundamental para a construción dunha sociedade onde as mulleres sexan iguais aos homes e os seus dereitos estean garantidos. A través da **coeducación** conseguimos que as nenas e mulleres se empoderen, brindándolles as ferramentas necesarias para desmontar estereotipos, desigualdades e alcanzar as súas metas. É crucial que todas as infancias teñan acceso a unha coeducación de calidade que lles ensine a valorar e respectar a igualdade de xénero.

A educación que promovemos para un mundo máis xusto e inclusivo:

- **Fomenta a igualdade de xénero** e ensina a desmontar os estereotipos e estruturas patriarcais que perpetúan as desigualdades, promovendo a cultura do respecto e a equidade.
- **Promove as relacións de bo trato, o consentimento, e o recoñecemento das diversidade** dos corpos e identidades, contribuindo ao benestar integral, a autonomía e a emancipación.
- **Impulsa a paz e a comunicación non violenta**, construíndo sociedades máis democráticas e xustas.
- **É antirracista**, abordando as discriminacións sociais e históricas e as violencias estruturais que viven as persoas non brancas, contribuindo a sociedades inclusivas.
- **Baséase na cultura dos coidados**, entendida como unha responsabilidade compartida, tanto no fogar como na comunidade, necesaria para crear unha sociedade máis visible e amable.

Dende InteRed, sabemos que a educación para a transformación social proporciona o entendemento, as habilidades e os valores necesarios para dar resposta aos retos interconectados do século XXI, como o cambio climático, os conflitos, os discursos de odio e a crecente desigualdade. Ao fomentar unha educación que promova a paz, os dereitos humanos e o desenvolvemento sostible,

Nos últimos anos, o movemento feminista logrou avances significativos en todo o mundo. En 2025 conmemoramos o **30 aniversario da Declaración e Plataforma de Acción de Beijing**, adoptada en 1995 na Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller. Un fito histórico que serve de guía a gobernos e organizacións na promoción de políticas e programas de igualdade de xénero e segue sendo un referente esencial na loita polos dereitos das mulleres.

Mobilización colectiva

Este 8 de marzo, facemos un chamamento á acción:

- Para garantir o acceso a unha educación de calidade para todas as nenas e nenos.
- Para seguir loitando pola igualdade de xénero en todos os ámbitos da vida.
- Para comprometermos persoal e colectivamente na construción dun mundo máis xusto e inclusivo.

Convidamos a todas as persoas, organizacións e institucións a sumarse a esta causa e a tomar medidas concretas para que a igualdade e a xustiza sexan unha realidade. Xuntas e xuntos, podemos seguir avanzando cara un futuro onde os dereitos das mulleres e as nenas sexan plenamente recoñecidos e respectados.

InteRed é unha ONGD rigurosa e transparente, creada en 1992 que aposta pola educación e a igualdade de xénero como ferramentas esenciais para construír un mundo máis xusto, sostible e igualitario. Iniciamos o traballo polo dereito das mulleres a unha vida libre de violencias en 2007 co Movemento Manuela Ramos en Perú, con Synergie des Femmes pour les Victimes des Violences Sexuelles en Kivu Norte, na R.D. do Congo; e co Centro Victoria Díez de Dereitos Humanos de México, este último, como parte do proceso do traballo de empoderamento e formación de defensoras fronte ás violencias. Na actualidade traballamos en igualdade e prevención de violencias de xénero en España, México, Perú, R. Dominicana, Guatemala, Bolivia e R.D. do Congo.

Proposta didáctica: Este 8 de marzo, propoñemos reflexionar acerca dos feminismos, en plural, a diversidade de xenealoxías, súa procedencia, súa historia. **Dispoñible en castelán, catalán, euskera e galego.**

ATENCIÓN PRENSA: Vídeo disponible para TV sobre nuestras mujeres referentes: <https://youtu.be/n5Zukmwktho>

Contacto para coordinación de entrevistas e atención a medios:

María Cobos. Responsable de Comunicación
Teléfono: 915416458
Email: comunica@intered.org
Móbil: 657 456 653